

Concurso

Que é para ti o Entroido de Cobres ???

Dende a Asociación Cultural Cobres queremos promover a creatividade das crianzas do concello, e por iso creamos un certame no que a idea e que estas, nos poidan presentar dende calquera tipo de expresión artística o que o noso entroido lles evoca e o que para eles/elas representa!!!

As regras para poder participar son as seguintes:

- Expresión artística poden considerarse: traballos audiovisuais, literarios, musicais, gráficos, etc.
- A extensión máxima en caso de ser papel será 1 páxina, en caso de ser gravación non deberá superar os 90 segundos.
- Pódese participar de maneira individual ou en grupos (máximo 5 persoas).
- A data límite para a entrega do material será o día 22/02/2022.

Cada traballo terá que vir identificado con nome completo, curso e centro educativo, preferiblemente na parte posterior (no caso de traballos).

A directiva da Asociación Cultural Cobres escollerá unha das entregas de cada curso, e o día da Corrida do Galo haberá sorpresas para os traballos seleccionados.

Ademáis os traballos gañadores serán empregados nas redes sociais e medios para promover o noso Entroido.

Moitas grazas de antemán por participar!!!

Estamos desexando ver cos vosos ollos o noso Entroido de Cobres

NOTA INFORMATIVA:

Para os traballos presentados en papel pasaremos a recollelos por os centros, e para videos ou traballos en formato dixital enviar a:

aculturalcobres@gmail.com
entroidocobres@gmail.com